
GAL



RÍAS BAIXAS EXPERIENCIAS

EXPLORA O DESCOÑECIDO



DURACIÓN

Horas

Días

ESTACIÓN

Primavera

Verán

Outono

Inverno

TEMÁTICA

Auga

Paisaxe

Natureza

Deporte

Gastronomía

Cultura

Festas

Camiño de Santiago

PÚBLICO

Individual

Parella

Familia

Grupos

Edita: Turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra
Fotografías: Arquivo Turismo Rías Baixas
Deseño e maquetación: Anónimo Advertising
Depósito Legal: VG 405-2017

Deputación Pontevedra | riasbaixas




Algo inesquecible, algo máxico

EXPLORA **AS RÍAS BAIXAS**

Experimentar un lugar é **vivilo, respiralo, sentilo.** As Rías Baixas son unha contorna perfecta para vivir unha desas viaxes que se gardan na memoria para sempre, xa que **ofrecen moitas posibilidades e sorpresas.** Podes planificar experiencias, itinerarios ou rutas, pero hai algo que non podes planear: as túas emocións. O que vives nas Rías Baixas é algo **inexplicable, algo máxico, así que esquécete do tempo e déixate levar.**



Deputación Pontevedra | rías baixas



ÍNDICE

Pág. **6 COSTA NORTE**
6 Descubre a illa de loureiros máis grande de Europa: Cortegada
8 Pontevedra, pura arte
9 Tras os pasos de Valle-Inclán
10 En ruta co teu can

12 INTERIOR NORTE
12 Plans coas e cos máis pequenos
14 Un paseo polo Medievo
16 Percorre As Rías Baixas en autocaravana
18 Entre bosques

20 COSTA SUR
20 Benvidas e benvidos, cruceiristas
22 Tras a orde de San Xoán de Malta
24 O Morrazo e a pegada das e dos nosos antepasados
26 Dámoste a benvida a Galifornia

28 INTERIOR SUR
28 Comunidade sefardí nas Rías Baixas
30 O legado da cera
32 Unha pesca milenaria: a lamprea
34 Tras os pasos de Dona Urraca

COSTA NORTE

Descubre a illa de loureiros máis grande de Europa:

Cortegada

Estiveches algunha vez nun bosque de loureiros? Pouca xente pode dicir que si, xa que se trata de algo excepcional, unha rareza botánica que visitan expertas e expertos de todo o mundo e que As Rías Baixas poñen ao teu alcance.

A **illa de Cortegada (Vilagarcía de Arousa)**, que forma parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, é a maior dun arquipélago que conta con outros grupos de illas como **as Malveiras** ou **as Briñas , onde a paisaxe tamén namora quen as visita**. Para percorrela cómpre tomar o carreiro que a bordea, paralelo ao mar, e que permite admirar a súa riqueza natural. Pero, sen dúbida, o máis interesante de Cortegada é o seu **bosque de loureiros**, o de maior superficie de Europa e tamén o máis importante pola súa idade, altura e densidade. Ademais, atoparás árbores centenarias, especies arbóreas autóctonas (carballos, piñeiros e salgueiros), as ruínas dunha ermida e un pobo deshabitado, entre outros moitos tesouros. Un ambiente que se enche de misterio e maxia.

Como dato curioso, durante a baixamar, Cortegada comunícase co Carril polo camiño do **Carro**, que no pasado se usaba para transportar cargas pesadas.

Máis información en **www.parquenacionalillasatlanticas.com**

DURACIÓN

1 día

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

Deputación Pontevedra | riasbaixas









Pontevedra, pura arte

Pontevedra foi un punto de grande interese e atractivo para todo tipo de artistas, especialmente para debuxantes, pintores e escultores. O **Museo de Pontevedra** alberga debuxos, augadas e óleos de gran valor, así como esculturas onde as e os pontevedreses son os protagonistas. Pódense percorrer as salas dos diversos edificios que o compoñen e contemplar vedute e paisaxes máxicas do pasado e do presente da provincia. Un plan perfecto para falar de arte, historia, nostalxia e, como non, do futuro. A visita pódese facer por libre, seguindo un itinerario establecido (que se pode solicitar na recepción do **Edificio Castelao**) ou ben concertando unha visita guiada gratuíta co **Departamento de Educación**.

Máis información en **www.museo.depo.gal**





DURACIÓN

2-3 horas

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

Deputación Pontevedra | rías baixas

Tras os pasos de Valle-Inclán

Ramón María del Valle-Inclán (1869), o ilustre escritor de **Vilanova de Arousa**, non adoitaba facer referencias toponímicas moi concretas nas súas obras. Con todo, fiel ao seu estilo único, no que tentaba mesturar a realidade física das vilas e zonas coa súa gran fantasía creativa, en moitas das súas obras aparecen nomes de santos, patróns e igrexas. Ramón María residiu en varias localidades galegas das Rías Baixas, coma **Pontevedra ou Cambados**. Durante a súa estancia na cidade do Lérez, onde adoitaba participar en diferentes faladoiros con intelectuais e escritores da época, publicou o seu primeiro libro, *Femininas* (1885). Así, Pontevedra ofrece unha oportunidade magnífica para descubrir os pasos de Valle-Inclán, visitando os lugares nos que naceu, creceu, se formou e viviu, e que tan ben recreou nas súas obras.

Máis información en **www.museocuadrante.com**



DURACIÓN

1 día

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

En ruta co teu can

As mascotas forman parte da nosa vida e da nosa familia. Mostrámosche algunhas actividades que podes facer co teu amigo peludo

Podes elixir un dos innumerables carreiros que percorren as paisaxes máis fermosas, coma a **Ruta da Pedra e da Auga,** que pasa polos municipios de Meis e Ribadumia; descubrir como o río Umia bate as súas augas ao seu paso por Caldas de Reis na fervenza de Segade; ou visitar os muíños de vento de Abalo (Catoira), que, co seu dobre sistema de aspas único e á mercé dos ventos atlánticos, ofrecen espectaculares vistas á **ría de Arousa**.

Ademais, na tempada estival, hai praias aptas para cans nas que podes darte un bo baño co teu fiel compañeiro e gozar dunha divertida xornada; algunhas delas son:

- O Grove: O Espiño, O Portiño e Lousiñas.
- Vilagarcía de Arousa: O Castelete.
- Cangas: A Cunchiña.
- Redondela: Arealonga Chapela e Cesantes.
- Vigo: Foz e A Calzoa.
- Poio: A Pinela.
- Resto de concellos: de 22.00 a 09.00 horas.

Tamén podedes facer xuntos o **Camiño de Santiago**, xa que cada vez hai máis establecementos turísticos que aceptan mascotas, pero antes de emprender o camiño, consulta cales o son:

DURACIÓN



2-3 horas

PÚBLICO



ESTACIÓN



TEMÁTICA



Deputación Pontevedra | riasbaixas







INTERIOR NORTE

Descubre os nosos segredos

Plans coas e cos máis pequenos

Esta visita polo interior da provincia faravos vivir novas sensacións a través da natureza, da cultura e dos xogos. Por que? Porque As Rías Baixas é un lugar ideal para as familias, que, ademais do sol e da praia, alberga grandes secretos por descubrir.

O municipio da Estrada conta cunha gran riqueza cultural e interesantes monumentos históricos, coma o **pazo de Oca**. As súas orixes se remontan a unha antiga fortaleza do arcebispo compostelán Fonseca, que sufriu modificacións no seu corpo principal no século XVIII e se converteu nun dos pazos máis vistosos e elegantes de Galicia, vinculado coa casa dos Medinaceli. Ademais, os seus xardíns destacan pola súa gran beleza e diversidade de especies, polo que se lle coñece coma o "Versalles galego". No mesmo municipio atópase a ponte do Xirimbao ou de Mariola, unha estrutura metálica sobre o río Ulla, construída co fin de unir os coutos de pesca de Ximonde e Xirimbao en épocas de abundancia de salmón, que constitúe un magnífico miradoiro fluvial.

En Silleda as contornas dos ríos son dun importante valor ecolóxico. Alí podes visitar a fervenza do río Toxa, a máis alta de Galicia. Moi preto atópase FervenzAventura, onde gozar dunha divertida xornada coa familia ou coas amizades.

Viaxar á lúa é posible grazas ao **Observatorio Astronómico de Forcarei** e desde o miradoiro Outeiro do Couto, situado no punto máis alto da serra do Cando, pódense divisar o Océano Atlántico e as rías.

DURACIÓN

4 días

PÚBLICO


ESTACIÓN

TEMÁTICA

Deputación Pontevedra | riasbaixas









Un paseo polo Medievo

Apetéceche viaxar no tempo? Vivir como unha guerreira ou guerreiro, converterte nun señor feudal, habitar un mosteiro, recrearte nun mercado de época, visitar lugares de defensa... No interior da provincia de Pontevedra atoparás unha gran variedade de recunchos que te trasladarán á Alta e Baixa Idade Media.

Somérxete no interior para coñecer como era a vida das nosas e dos nosos antepasados na Idade Media.

A tranquilidade dos **mosteiros de Carboeiro (Silleda) e Aciveiro (Forcarei)** lévante a unha época de señores feudais e guerreiros. O primeiro foi fundado polos condes de Deza, Tareixa Eiriz e Gonzalo Betótez, mentres que o segundo foi creado pola iniciativa de doce relixiosos chegados de Claraval (chamados polo rei Afonso VII).

Aprende sobre estratexia nas **torres de Cira (Silleda),** onde estivo encarcerado o famoso arcebispo Xelmírez; a torre de Guimarei (A Estrada) esconde historias de cabaleiros e guerras; e a muralla do pazo de Camba (Rodeiro) convídate a descubrir os seus pasadizos secretos.

Pero se de verdade queres experimentar o Medievo, é imprescindible visitar un auténtico mercado medieval, os coñecidos coma pendellos; os máis destacados atópanse en Dozón, Rodeiro e Agolada. Estes últimos son os máis coñecidos e foron declarados monumento histórico-artístico en 1985.

DURACIÓN

2 días

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

Deputación Pontevedra | rías baixas













Percorre As Rías Baixas en autocaravana

Maletas, depósito cheo e mapa. É todo o que precisas para viaxar en autocaravana. Apúntaste? Dámosche algunhas ideas:

A ruta en autocaravana polas Rías Baixas pode comezar na zona norte. Sendeirismo e arquitectura únense para que goces dun día cheo de cor verde: nas súas paisaxes contrastan as terras altas que bordean as comarcas con profundos vales, nos que podes atopar impresionantes fervenzas coma a do **río Toxa** ou a de **Férveda**, ambas as dúas no municipio de **Silleda**. Non deixes de visitar o **monte Faro (Rodeiro) ou a serra do Candán (Silleda)** para ver as postas de sol máis bonitas, ou lugares coma a **fraga de Catasós ou a carballeira de Barcia, en Lalín**, para coñecer mellor os nosos bosques autóctonos

Ademais, as distintas culturas que poboaron Galicia deixaron pegada no noso territorio, coma os centos de xacementos castrexos catalogados que existen na nosa terra. Aquí podes coñecer a historia da comarca de **Deza**, a cal concentra a maior cantidade de asentamentos castrexos de Galicia.

Tamén podes facer unha parada no conxunto de hórreos de **Eira da Ermida ou no Foxo do Lobo (Cerdedo-Cotobade**), ou ben no curro de **Sabucedo (A Estrada).**

En definitiva, trátase dunha provincia fácil de percorrer en autocaravana, polo que che recomendamos que goces descubrindo os seus ríos e os seus bosques e contemplando as súas paisaxes

DURACIÓN

3 días

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

Deputación Pontevedra | riasbaixas









Entre bosques

O interior das Rías Baixas conserva espazos naturais no seu estado máis puro, con aldeas tradicionais atractivas para calquera visitante. Se che gusta a natureza, esta experiencia vaiche encantar

En **Vila de Cruces** podes pasear polo espazo natural do **sobreiral do Arnego, o encoro de Portodemouros e as illas de Gres**. Se queres ter unha boa panorámica da Galicia interior, debes subir ao **miradoiro Alto da Madanela**. Aquí recomendámosche probar o **galo de curra**l, maridado cun viño albariño da Denominación de Orixe Rías Baixas

En **Silleda** podes admirar a beleza da **fervenza do río Toxa** e a súa contorna tomando o **carreiro de Deza** desde A Carixa ata o mosteiro de Carboeiro. A continuación, podes facer unha parada para degustar un anaco de empanada de Bandeira. A visita pode continuar pola **lagoa Sacra de Olives e as Brañas de Xestoso**, e rematar na **carballeira da Crespa,** unha gran descoñecida da zona.

En **Lalín** podes visitar a **aldea de Codeseda (Doade)** e tamén a súa **Feira do Cocido**, pola que esta localidade é especialmente famosa. Esta ten lugar o domingo previo ao Entroido e está dedicada a un dos pratos con máis renome dentro da gastronomía galega. Para terminar a xornada, nada mellor que pasear pola **fraga de Catasós**, un monumento natural imprescindible.

DURACIÓN

2 días

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

Deputación Pontevedra | riasbaixas









COSTA SUR

Benvidas e benvidos, cruceiristas

É hora de gozar da cidade máis grande de Galicia.

Nada máis desembarcar, a estación marítima dáche a benvida co **monumento ao emigrante** e outras esculturas como a de **Xulio Verne**. A partir de aquí, recomendámosche que te perdas polas serpeantes rúas do barrio histórico de Vigo, coñecido popularmente coma **Casco Vello**, e que probes un dos manxares máis populares das Rías Baixas: **as ostras**. Na **praza da Pedra,** as experimentadas ostreiras mostran as súas habilidades abrindo e servindo este produto.

No Casco Vello tamén observarás mostras da arquitectura relixiosa desta cidade, coma a **concatedral de Santa María, A Colexiata**. Se continúas cara á **Porta do Sol,** poderás saudar **O Sereo** e iniciar un percorrido polos edificios máis emblemáticos da cidade: a **Casa das Artes**, o **edificio El Moderno**, o **teatro García Barbón** ou o **Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO)**, situado na zona comercial máis atractiva (a **rúa do Príncipe**). Se segues subindo chegarás ao punto máis alto da cidade, o **monte do Castro**, desde cuxa fortaleza-poderás gozar dunhas espectaculares vistas da **Ría de Vigo**.

Unha vez percorridos os lugares máis importantes da cidade, podes ir cara ao sur, ata **Baiona**, unha pequena cidade onde poderás visitar a carabela a Pinta e subir ao miradoiro A Virxe da Rocha. Se segues máis cara ao sur, chegarás á **Guarda**, unha vila que combina mar, río, praia e montaña. A **citania de Santa Trega** constitúe a mostra máis significativa da cultura castrexo-romana e, desde o seu punto máis alto, poderás contemplar a **desembocadura do río Miño e Portugal**.

DURACIÓN

5 horas

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

Deputación Pontevedra | riasbaixas


CERERIA SAN JOSE
La Central









Tras a orde de San Xoán de Malta

Vigo

Gustaríache mergullarte un pouco na historia e visitar unha igrexa que pertenceu á Orde de San Xoán de Xerusalén ou de Malta? Non deixes de visitar a parroquia de **Castrelos**, que pertenceu a esta orde ata o ano 1862. Tamén podes coñecer a **igrexa de Santa María de Castrelos**, unha auténtica xoia do románico que foi consagrada en 1216 e que destaca pola impresionante ornamentación da súa porta occidental, pola súa simboloxía e polas súas posibles cruces templarias.

Bueu

Na península do Morrazo, chegando a Bueu, podes visitar a **igrexa de Santa María de Cela,** un templo parroquial cunha magnífica panorámica costeira. De estilo románico, a súa tipoloxía é un fiel reflexo das igrexas construídas pola Orde de San Xoán. Consta dunha soa nave, que remata nunha ábsida rectangular á cal se abre un van de arcos de aresta. Posúe, ademais, un curioso tímpano ornamentado con dous leóns que flanquean unha figura encapuchada e tres cruces.

Marín

A **igrexa de Santa María do Campo** (Marín) construíuse a finais do século XII e principios do XIII. É de estilo románico tardío e desta época conserva un arco triunfal, basto, estreito e apuntado, a través do cal se accede ao presbiterio rectangular. Nunha segunda fase de construción, no século XVI.

DURACIÓN

1 día

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

Deputación Pontevedra | rías baixas









O Morrazo

e a pegada das e dos nosos antepasados

Percorre **O Morrazo**, unha zona chea de vestixios dos primeiros moradores e deixa voar a túa imaxinación para comprender o seu estilo de vida, os seus costumes e as súas crenzas. E é que aquí as lendas procedentes de tempos remotos seguen alimentando o misterio ao redor dos petróglifos, un conxunto de signos e debuxos gravados nas pedras hai xa milenios. Este sistema de comunicación chegou ata hoxe para mostrarnos as actividades que se consideraban prestixiosas na Idade de Bronce, a época que máis arte rupestre nos legou.

Os **petróglifos de Mogor** (Marín) son unha estación rupestre que agrupa tres conxuntos de pedras: Laxe dos Mouros, que contén máis de trinta motivos esculpidos; Pedra do Labirinto, o mellor conservado de todos e o máis curioso; e **Pedra dos Campiños**.

As mámoas son túmulos funerarios de pedras e terra características do Neolítico. No seu interior esconden o dolmen, outra estrutura formada por pedras que conforman unha especie de caseta. A coñecida **Mámoa do Rei** (Vilaboa) é unha das mellores conservadas no conxunto megalítico de **Chan de Castiñeiras**, con 25 metros de diámetro e 2 metros de altura.

Situados en lugares estratéxicos e con espectaculares vistas, os castros son poboados fortificados que se construíron na Idade de Bronce e na de Ferro. O **castro do monte do Facho**, en Cangas, é un xacemento galaico-romano que unha vez acolleu distintas expresións de vida na comarca. As vistas que ofrece este asentamento permiten admirar a beleza das rías e das súas illas.

DURACIÓN

1 día

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

Deputación Pontevedra | riasbaixas







Dámosche a benvida a Galifornia

Galifornia é moito máis que un territorio; é un sentimento, un concepto de calidade de vida e forma de ser únicos e inigualables. Trátase dun lugar onde se vive como en ningún outro e que paga a pena visitar.

A **Ruta Galifornia-Patrimonio Rías Baixas** conta cun marabilloso patrimonio cultural, histórico, artístico e natural cheo de historias para contar, con diferentes culturas que habitaron estas terras, de pobos e paisaxes, e con xente acolledora e sinxela que fará máis fácil a túa estancia.

A través desta ruta poderás descubrir **castelos, fortalezas, pazos, igrexas, mosteiros, antigos poboados e unha natureza única**. Percorre praias de area branca e augas cristalinas onde relaxarse e degustar excepcionais produtos do mar, e de montañas e ríos serpeantes cheos de vida todos os días do ano.

Trátase dun plan de cinco días para gozar con todos os sentidos.

Ruta Galifornia

DURACIÓN

5 Días

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

Agua | Paisaje | Naturaleza | Deporte | Gastronomía | Cultura | Camino de Santiago

Deputación Pontevedra | riasbaixas











INTERIOR SUR

Comunidade sefardí nas Rías Baixas

No Medievo o pobo xudeu asentouse en varios puntos da comunidade galega. Tui foi unha das xuderías máis importantes, a cal deixou unha ampla herdanza cultural.

Este pobo contaba con todos os elementos propios da súa comunidade relixiosa: unha sinagoga xunto á muralla medieval e os antigos palacios episcopais; un cemiterio xunto ao arrabalde histórico da cidade, coñecido como Riomuíños; a casa de Salomón ou a de Moisés ou Aarón, situadas na rúa das Monxas e que datan do século XV; ou a torre do Xudeu, xunto á que viviron varios membros da comunidade xudía entre os séculos XIII e XIV.

A expulsión do pobo xudeu en 1492 e a posterior conversión forzosa de moitas e moitos deles en Portugal en 1497 aumentaron as tensións sociais. A Inquisición deu lugar a algúns dos episodios máis importantes da historia social da cidade, tales coma a reacción do cabido de Tui tras o ascenso social dalgunhas familias xudeoconversas, coma os Coronel ou os Saravia, e ante o nomeamento de Francisco Coronel como cóengo da catedral en 1600.

Dentro da comunidade tudense destacaban os prateiros que traballaban para a catedral e que mostraban a súa pericia e a súa tradición artesanal con obras de gran calidade, coma cálices, cruces, acéteres ou cetros, algúns dos cales se conservan no **Museo Catedralicio**. Tamén sobresaen os extraordinarios sambenitos que se exhiben no **Museo Diocesano**, un conxunto de teas cos nomes dos xudaizantes penitenciados polo Santo Oficio e os únicos conservados en España.

DURACIÓN

1 Día

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA







O legado da cera

A cera é unha materia prima que formou parte da nosa historia non tan afastada e cuxo proceso de elaboración aínda hoxe segue espertando a nosa curiosidade. Garantímosche que esta experiencia te transportará ao pasado, á nosa vida ancestral e a ese misticismo tan galego que nos caracteriza..

O oficio de cereiro tivo relevancia na nosa historia máis recente, especialmente na economía do **concello de Covelo**. O seu gran legado etnográfico dá mostra diso e a mellor forma de coñecelo é descubrindo os lugares nos que tivo unha maior importancia.

A ruta etnográfica do Xabriña móstranos todo o relacionado co vello oficio dos borreiros (cereiros), xa que a esta zona se achegaban, desde outros puntos de Galicia, persoas para alugar os lagares e fabricar a súa propia cera.

No **museo FAVUM, Lagar da Cera**, poderemos coñecer os distintos procesos de elaboración que deixou este legado etnográfico aínda visible, coma os lagares, pías ou curadoiros, os mellor conservados de Galicia. Ademais, a ruta pasa entre os piñeiros e carballos da **Fraga do Rei**, unha zona de lecer e aprendizaxe convertida en parque forestal en 2009.

DURACIÓN

1 día

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA


Ruta do Xabriña
PR-G
119





Unha pesca milenaria: a lamprea

A **lamprea** é un peixe que se captura nas pesqueiras do **río Miño**. De peculiar aspecto, percorre durante varios anos o océano ata volver ao río no que naceu, nadando a contracorrente. O seu característico sabor converteuna nun prato moi saboroso e dise que posúe propiedades afrodisíacas.

Hai varias actividades ligadas á lamprea que, sen dúbida, farán que goces máis que nunca das Rías Baixas:

Podes visitar as famosas pesqueiras, construcións da época romana que aínda se conservan hoxe en día e que son a base da pesca artesanal da lamprea. De xaneiro a maio pódense atopar pescadoras e pescadores desenvolvendo as súas habilidades para capturar esta especie ancestral.

Aproveita e degusta este exquisito peixe nalgún restaurante de **Arbo**, localidade na que en abril se celebra a Festa da Lamprea, ou das Neves.

O río Miño é, ademais, un lugar idóneo para practicar actividades coma hydrospeed, rafting, canoa ou piragüismo. Desde **Crecente** ata **Salvaterra de Miño** pódense admirar as máis fermosas paisaxes fluviais.

Para completar a experiencia podes percorrer a ribeira e o val do río Miño, e contemplar pazos coma o da **Fraga** (Crecente) ou o de **Almuíña** e o da **Moreira** (Arbo).

DURACIÓN

2 días

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA





Tras os pasos de Dona Urraca

Esta experiencia está ambientada nas vivencias de Dona Urraca, raíña de Galicia, León e Castela a principios do século XII, unha das figuras máis soadas da nosa historia.

Inicia o teu percorrido no **Castelo de Sobroso**, que, malia estar situado no municipio de Mondariz, pertence ao veciño Concello de Ponteareas. Aquí é onde Dona Urraca foi asediada en 1117, tras o seu segundo matrimonio, polos partidarios do seu fillo, o novo rei Afonso VII, a súa irmá Teresa, infanta de Portugal, e o conde de Traba. Recluída nos calabozos, conta a lenda que logrou fuxir por uns pasadizos secretos que conducían ás beiras do río Tea. Ven e pasea polas marxes deste río, e visita tamén a praia e a **senda fluvial da Freixa** (Ponteareas).

Prosigue ata Salvaterra de Miño, onde se atopa a fortaleza que domina o río Miño e en cuxo interior se conserva un recinto abovedado que se coñece co nome de "covas de Dona Urraca", que actualmente alberga o **Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea**. Esta muralla foi escenario de moitos dos enfrontamentos entre Portugal e o Reino de Castela. Dise tamén que nesta fortaleza había un conduto secreto polo cal cruzaba a raíña nas súas correrías amorosas e políticas para chegar ata Portugal.

Por último, podes combinar o teu itinerario cunha experiencia vitícola, xa que na comarca do Condado cultívanse uvas coas que cada ano se elaboran os afamados albariños da Denominación de Orixe Rías Baixas.

DURACIÓN

2 días

PÚBLICO

ESTACIÓN

TEMÁTICA

Deputación Pontevedra | riasbaixas





Rías Baixas experiencias

EXPLORA O DESCOÑECIDO

EXPLORA AS RÍAS BAIXAS

www.turismoriasbaixas.com

Pza. Santa María s/n - 36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700



Cando non me necesites, deposítame no colector azul para poder reinventarme.

Deputación Pontevedra | riasbaixas